

CORRECCIÓNS ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: semana do 14- 17 abril

MATERIA: Xeografía e Historia

CURSO: 2º ESO

PROFESOR/A :Celia Bugarín

CONTACTO: CELIABUGARIN@edu.xunta.es

1º) Completar o resumo da arte gótica:

As artes figurativas:

- A escultura
- A pintura

IV.- A escultura

Naturalismo e volume na escultura gótica

Os artistas góticos tiñan máis liberdade e podían realizar a súa obra con máis **naturalismo, expresividade e volume.**

Materiais:

Pedra, madeira e mármore.

Colocación espacial:

Nas arquivoltas, **capiteis e estatuas-columna.**

Cobra importancia a escultura **de vulto redondo.**

Tema representado:

Temas relixiosos, con maior presenza das representacións da **Virxe** e da escultura **funeraria (sepulcros).**

Proporción:

Liberación do **marco arquitectónico** (maior volume)

Perfección nas proporcións **do canon** (proporcións ideais da figura humana, establecidas polos gregos e romanos).

Tratamento anatómico e dos rostros

Maior **naturalismo** e **realismo** no tratamento dos **temas**.

Rostros máis **expresivos** , amosan os estados de **ánimo**.

Aumento do **movemento** , do **volume** e da calidade **técnica da obra**.

V.- A pintura

Aparece a nova técnica do óleo:

Mestura dos **pigmentos con aceites** (permite obter distintas tonalidades nas cores, **veladuras, transparencias...**)

Como tarda máis en secar, o pintor pode facer **correccións sen que se aprecien os retoques**.

As cores resisten mellor **o paso do tempo**.

Podía aplicarse sobre **lenzo e táboa**.

Continuaron utilizándose as técnicas do fresco e do temple.

Continuaron ilustrándose libros con miniaturas.

Temática:

A relixiosa seguiu sendo moi abundante, pero tamén son frecuentes os temas **profanos** (**non relixiosos**)

Características:

As figuras transmiten **sensacións e sentimentos**.

Aparece a **paisaxe**.

Uso da perspectiva para dar **profundidade á escena**.

Uso da luz creando **claroscuro** (para dar sensación de volume).

Exemplos :

Giotto, O Bosco, Van Eyck .